

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

As políticas dos gobernos deberían de estar guiadas pola búsqueda do interese xeral. Sempre que se acometen obras, plans, políticas enerxéticas hai que poñer nunha balanza os aspectos positivos e negativos para a sociedade que un ten a obriga de defender.

É evidente que Galiza na historia recente, sufriu un claro expolio, xa que mentras os impactos ambientais se producían nos nosos ríos, os beneficios xerados por estas infraestruturas escapaban.

A pesar de ser unha potencia dentro do estado español de produción hidroeléctrica, eso non significou un progreso para os galegos e galegas. Nen tivemos a enerxía eléctrica máis barata, nin temos unha mellor distribución eléctrica.

As empresas, coa complicidade dos gobernos, explotaban os recursos naturais de todos para obter uns beneficios indecentes, axudados ademais por un sistema de fixación de prezos escandaloso.

Existe un amplo consenso en Galiza, avalado polos máis importantes científicos do país de que os ríos galegos están sobreexplotados, cuns danos ambientais serios.

Existe tamén a evidencia de que Galicia produce moita máis enerxía da que consume, e de maior calidade e polo tanto o lóxico é tomar medidas políticas encamiñadas a reducir os impactos ambientais, e a revertir a inxustiza do expolio dos nosos recursos.

Por iso non entedimos nin compartimos a decisión do goberno da Xunta de Galicia de autorizar novos aproveitamentos no río máis explotado de Europa e que xa contaba con 7 centrais en 20 kms. Non ten ninguha xustificación e o único beneficiario destas novas autorizacións é Ferroatlántica.

Prometeu o sr. Feijoo persoalmente, que durante as obras crearíanse 700 postos de traballo, e en realidade non chegan a unha ducia.

As concesións hidroeléctricas estaban ligadas á actividade daas fábricas e agora preténdese separar a actividade das fábricas de Cee e Dumbría, da actividade de xeración eléctrica.

Nos últimos anos o emprego da empresa en Galiza descendeu, e é que dende que Villar Mir comprou a empresa, a administración e contabilidade da división de enerxía, faise directamente dende Madrid provocando así un aumento considerable de emprego na sede central de Ferroatlántica Madrid, en detrimento do departamento administrativo de Cée.

Como colofón Ferroatlántica pretende instalar una liña de 220kv. para enlazar as centrais coa rede nacional, resultando que as fabricas de ferroalixes enlazan por unha liña e as centrais por outra independente, consumándose así a separación definitiva entre ambas instalacións, contradecendo a letra e o espírito das concesions que otorgou a Xunta de Galiza.

Estas novas concesións perpetúan os privilexios de Ferroatlántica sobre o río Xallas, afectando ás poucas zonas que aínda quedan virxes no río, e que son fundamentais como reservorio de biodiversidade. Unha empresa que historicamente saca os beneficios en Galiza para invertilos fora.

Por iso propuxemos no seu momento que se anulase e deixase sen efecto a aprobación dos Proxectos sectoriais publicados o 30 de maio de 2012, no DOG de 20 de maio de 2012.

Posteriormente a empresa durante a execución das obras provocou graves danos e hábitats de interese natural.

Por todo esto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os beneficios para a comarca e o país, xerados polos proxectos de novos aproveitamentos no río Xallas levados a cabo por Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 15/02/2016 13:02:44**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 13:02:52**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 13:02:55**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 13:02:58**

**Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 13:03:01**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 13:03:04**